



## **NORMATIVA PROMOCIÓN E TITULACIÓN BACHARELATO CURSO 2023-24**

*ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

(DOG martes, 13 de xuño de 2023)

### Artigo 30. **Promoción**

1. As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción **do primeiro ao segundo curso de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo**. Para estes efectos, só se computarán as materias en que estea matriculada a alumna ou o alumno.

### Artigo 31. **Titulación**

**1. Será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato para a obtención do título de bacharel.**

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel cando **supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:**

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, **incluídas as da convocatoria extraordinaria.**
- d) Que a **media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade ou vía pola que se remata **sexa igual ou superior a cinco.**** Para os efectos deste cálculo, **considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.**



3. Nas actas de avaliación final ordinaria ou extraordinaria de segundo curso, no expediente académico e no historial académico **farase constar ademais unha media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión**, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado para os efectos de acceso a outros estudos, a obtención da mención de matrícula de honra e as convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.

#### Artigo 34. **Matrícula de honra**

1. O alumnado que, logo da avaliación final do segundo curso, obtivese unha **nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos** poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, **como máximo**, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao **5 % do total** de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.

*RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.*

#### Artigo 13. **Matrícula de honra**

Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado, **as cualificacións obtidas na avaliación final das ensinanzas de Relixión e na materia Proxecto Competencial non computarán no cálculo da media** para os efectos da mención de matrícula de honra.